

CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Segundo semestre de 2018

“Unha política lingüística de conmemoracións e perfil baixo mínimos”

Alba Nogueira López*

Resumo

O segundo semestre de 2018 non permite falar de ningún dato salientable na política lingüística galega. Ningunha lei, decreto, nin plan no horizonte e tan só unha trepidante axenda de actos conmemorativos sen liñas directrices que lles dea certa coherencia. Desde a perspectiva orzamentaria a asignación de Política Lingüística mantense en niveis baixos sen experimentar cambios significativos.

Palabras chave: parálise normativa; estancamento orzamentario; profusión de actos conmemorativos; Galicia; crónica legislativa.

LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

Second half of 2018

“A rock-bottom language policy of commemorations”

Abstract

The second half of 2018 doesn't allow to speak of any significant data in the Galician language policy. No law, no decree, no plan on the horizon and just a non-stop agenda of commemorative acts without guidelines that could provide them with some consistency. From the budgetary perspective, the Linguistic Policy assignment remains at low levels not experiencing significant changes.

Keywords: regulatory paralysis; budgetary stagnation; profusion of commemorative acts; Galician; legislative reports.

* Alba Nogueira López, profesora titular de dereito administrativo, Universidade de Santiago de Compostela. alba.nogueira@usc.es

Citación recomendada: Nogueira López, Alba. (2019). Crónica legislativa de Galicia. Segundo semestre de 2018. *Revista de Llingua i Dret, Journal of Language and Law*, 71, 303-304. <https://doi.org/10.2436/rld.i71.2019.3287>

1 Introducción

O segundo semestre de 2018 non permite falar de ningún dato salientable na política lingüística galega. Ningunha lei, decreto, nin plan no horizonte e tan só unha trepidante axenda de actos conmemorativos sen liñas directrices que lles dea certa coherencia. Desde a perspectiva orzamentaria a asignación de Política Lingüística mantense en niveis baixos sen experimentar cambios significativos.

2 Lexislación. Nada que contar

O Parlamento de Galicia, malia á maioría absoluta gubernamental que facilitaría o trámite parlamentar, estivo todo o 2018 nunha situación de hibernación aprobando tan só a modificación dunha lei xa existente e os dous proxectos ligados aos orzamentos para 2019. Ningunha delas con referencias á lingua, salvo as previsións orzamentarias destinadas a esta finalidade. A Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 contén unha asignación para a normalización Lingüística de 8.078.959 millóns de euros. Esta contía supón que nos últimos anos foi experimentando unha lixeirísima suba, fronte aos mínimos acadados nos anos da crise en torno aos 7 millóns de euros, mais moi lonxe dos 21,5 millóns de euros en 2009.

Tampouco no ámbito regulamentario podemos atopar ningún texto normativo autonómico no ámbito da lingua. Tan só unha Instrucción de 20 de setembro de 2018 (http://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647065&name=DLFE-18308.pdf), asinada conxuntamente polo Secretario Xeral de política lingüística e o Director Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a exención de lingua galega para os alumnos procedentes doutras comunidades autónomas ou do extranxeiro que se incorporen ao sistema educativo de Galicia na FP básica e á validación do nivel de coñecemento do galego (CELGA) para alumnado de FP que cursara determinadas materias. É ben paradóxico que a única cuestión da que da conta o portelo da lingua galega (<http://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/lexislacion>) neste periodo sexa precisamente esta.

3 Axudas para a protección da lingua

Non houbo ningunha convocatoria salientable de axudas en materia de lingua no segundo semestre de 2018. Únicamente a resolución de algunhas convocatorias realizadas no anterior semestre. En concreto publicáronse a Resolución das axudas para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios (DOG 17.8.2018) e a das Axudas ás entidades locais para a promoción do uso da lingua galega (DOG 13.8.2018) <http://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/transparencia/axudas-e-subvencions>